



DESORDES CREATIVAS. GOZANDO DA ARTE NA RÚA

Adela Leiro, Mon Daporta
novembro 2021




Distancia: ata 12 km
Dificultade: baixa

Nos últimos tempos son moitas as vilas e cidades que están a loitar contra as medianeiras impersoais e os espazos inacabados, ou mal rematados, froito case todos eles dun desenvolvemento desordenado do urbanismo, coa inclusión de obras, maiormente pinturas murais de gran tamaño e, na maioría dos casos, dunha alta calidade artística.

Pero Ordes foi a pioneira no impulso desta clase de traballos e a primeira en darlle unha continuidade. Ordes foi a primeira vila galega en acoller e promover o desenvolvemento da actividade creativa muralística. A primeira en crear un festival de arte mural “para transformar espazos en desuso ou abandonados en lugares de vida e cor para o goce colectivo que, a maiores de ser unha ferramenta de rexeneración urbana van convertendo a contorna nun grande museo a ceo aberto”; e desde o ano 2009 dalle continuidade a iniciativa traendo á vila cada segunda semana do mes de agosto unha selección de artistas dos mellores do panorama internacional.

Xa van alá, cumpríronse neste 2021, 13 anos de DesOrdes Creativas. Naceron e medran coa mesma intención: como unha aposta pola calidade e a valoración do traballo dos pintores de murais e a finalidade de loitar contra a mala imaxe que ofrecen os paramentos dun desenvolvemento urbano pouco coherente e disperso, con obras artísticas de grande nivel e duración limitada. Por iso algunhas, das máis antigas, foron vencidas polo tempo e outras están a ser derrotadas pola exposición aos elementos, mais, con todo, a colección, á que, como resultado de cada nova edición do festival se engaden outras creacións cada ano, conta con extensión e calidade suficiente como para ter en conta á vila de Ordes como destino dunha viaxe de interese e atractivo abondo e achegarse a coñecer, visitar e gozar deste museo ao aire libre, aberto a todas horas, todos os días da semana e en todas as épocas do ano.



http://certamedesordescreativas.blogspot.com/p/blog-page_2.html



Murais de varios autores no valado da piscina

PERCORRIDO

É tanta a diversidade de estilos e intencións, e tan distintas as impresións que producen en nós as obras e as interpretacións que podemos facer, que resulta difícil facer unha escolla.

Para poder aproveitar a visita con eficacia compre ir ben preparado: dispoñer dun bo mapa, no que ir marcando os lugares visitados, preparar itinerarios por zonas, para non facer longos desprazamentos sen proveito, e contar, se é posible, con axuda electrónica (GPS).

Nos fixemos un combinado en coche, ao longo da estrada Coruña-Santiago, para irmos aos de máis lonxe e aos das aforas, e un dobre "bucle" a pé para ver os do centro e os das proximidades.

Ao longo do traxecto ademais de ir descubrindo a cantidade, variedade e calidade das obras; imos vendo a evolución dos traballos desde o tamaño máis reducido e o estilo máis "grafiteiro" dos primeiros anos ás grandes dimensións e variedade de estilos dos actuais.



2009

Murais de varios autores no valado da piscina



Natalia Iglesias Barreiro



2010



"Buraco vermello", Ligen



Sekone

Blue Mouse



Pelucas
(Feat e Sokram)



NO3L

Silc



Mutante
(Mou e Sokram)



2011



"Malas línguas", Sokram



"Memoria sobre ladrillo"
Laguna



"Atracción fatal", Nas, Nana e Sokran,



Xpen, Mou e ISI



"Díoxenes", Peri

2012



“Serpe”, Sokram



“O borrachín” Nano



“Barrida” Liqen



Nana



“Malicia canibal”, Tayone



Blu
Erika Il Cane



Blu



Mou



“O escaravello”, Nasi & Del



2013



Nómada



NO3L



Sekone



Nana



Xoana



Peri

2014



"Birth", Sr. X



Sekone



Tayone



"Ninguén"
Axel Void



"DesOrdes no Paraíso", Nada

2015



"Mineiro", Spok



Sabek



Ino

2016



“A greleira de 50 pés”, Yoseba M P



“Sacrum fieri” Borondo



Alegría del Prado

2017



Bastardilla



Xoana Almar (Cestola na Cachola)



Carlos Goma



Erica Il Cane



Saturno

2018



Minia Regos



“Déixao pasar”, Animalito Land



“A Costureira das Casillas”, Lidia Cao



“Significado”
Miguel Peralta
(Cestola na Cachola)

2019



Leandro Varea



Artez



"Jerga", SAN (Daniel Muñoz)



Twe Muizen



Leandro Varea



Alegría del Prado



Tebo

2020



“A hora gris”, Cinta Vidal



“Aire auga e terra limpas”
Mou

“Xerra de auga limpa...”
Manolo Mesa



“Somos semente”
Reskate

“Cortina de fume”
Maz





"Habelas hainas", Milu Correch



"Prometeo", Aecinteresni Kazki



"Concrete Golem", Sokram



"Cara B"
Ana Langeheldt